

Fundación Una Galicia Moderna



economistas

Colexio da Coruña

Σ economistas y titulados mercantiles

7ª edición premio ideas 2017



COLABORAN



XUNTA
DE GALICIA

Sabadell
Professional



INFORMACIÓN

FUNDACIÓN UNA GALICIA MODERNA


COLEGIO DE ECONOMISTAS DE A CORUÑA
Caballeros, 29-1º

15009 A Coruña

Tel. 981 154 325 - Fax 981 154 323

fundacion@economistascoruna.org

www.economistascoruna.org



Fundación Una Galicia Moderna

economistas
Colexio da Coruña
Σ economistas y titulados mercantiles

IDEAS

CONVOCATORIA

I • A **Fundación Una Galicia Moderna** do **Colegio de Economistas de A Coruña** convoca a séptima edición do Premio Ideas correspondente ao ano 2017.

IDEAS

OBJECTO

II • O Premio Ideas á creación de empresas ten como finalidade **promover e incentivar iniciativas dirixidas a impulsar o desenvolvemento da economía**, así como fomentar o autoemprego para licenciados mozos de tódalas titulacións, mellorando deste xeito o futuro da mocidade galega.

IDEAS

PARTICIPANTES

III • Os premios outorgaranse a persoas, empresas ou institucións que presenten un plan de negocio que xere emprego e riqueza. Deberá tratarse de **proxectos a desenvolver ou que xa se puxeron en marcha durante os anos 2016 ou 2017**.

IV • Os premiados deberán reunir os requirimentos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

IDEAS

DOTACIÓN

V • O Premio Ideas correspondente ao ano 2017 consiste nunha **dotación económica de 6.000 €**, que se dividirá nas seguintes categorías:

- Primeiro premio: 5.000 €
- Segundo premio: 1.000 €
- Terceiro premio: Bolsa para a asistencia ao Máster en Fiscalidade e Tributación do Colegio de Economistas de A Coruña (70% do importe da matrícula).

IDEAS

TRABALLOS

VI • Os participantes terán a obriga de entregar o plan de negocio que presenten a concurso en soporte magnético, en formato compatible cos programas de tratamento de texto máis estendidos.

Na primeira páxina farase constar o nome e apelidos, títulos académicos, número de D.N.I. ou Pasaporte, domicilio e datos de contacto do autor.

Ademais deberán acompañar dun resumo do proxecto cunha extensión máxima de 15.000 caracteres (incluíndo espazos).

IDEAS

PRAZO E PRESENTACIÓN

VII • Os proxectos presentaranse no domicilio da Fundación Una Galicia Moderna do Colegio de Economistas de A Coruña (R/ Caballeros 29 - 1º CP 15009 A Coruña) ou serán remitidos á mesma dirección mediante calquera medio que acredite a súa recepción, data e hora desta.

VIII • O prazo finalizará o día **31 de outubro de 2017, ás 14 horas**.

IDEAS

XURADO E FALLO

IX • O premio Ideas correspondente ao ano 2017 será outorgado por un Xurado independente designado polo Padroado da Fundación Una Galicia Moderna.

X • A decisión do Xurado adoptarase por maioría de votos e en caso de empate o Presidente disporá de voto de calidade.

XI • O Xurado está facultado para declarar deserta a Convocatoria se, ao seu xuízo, os traballos presentados non se axustasen ás Bases establecidas ou non reunisen méritos abondos, ou ben para destinar a dotación económica do mesmo —na súa totalidade ou parcialmente— a accésits aos mellores proxectos.

XII • A resolución do xurado independente emitirase no mes de decembro de 2017 e a entrega celebrarase nun acto público.

bases da convocatoria 7ª edición premio ideas